

ALICIA PARA NENOS

• Antes da obra. Sobre o autor e a súa obra:

Charles Lutwidge Dodgson era o nome verdadeiro do autor das Aventuras de Alicia en el País de las Maravillas (*Alice's Adventures in Wonderland*), e de A través del Espejo" (*Through the Looking Glass*). Naceu en Daresbury, Inglaterra, era o maior de 11 fillos: catro varóns e sete nenas. Ós 18 anos, ingresou na Universidade de Oxford, na que permaneceu durante preto de 50 anos, e na que obtivo o grado de bacharelato e recibíuse de preceptor. Foi ordenado diácono da Igrexa Anglicana e ensinou matemáticas a tres xeneracións de xóvenes estudantes de Oxford, e o que é máis importante, escribiu dous das máis deliciosas narracións que se produciron no campo da literatura.

Poco é o que se pode dicir acerca da vida do Reverendo Dodgson. Vivíu 66 anos tan tranquilamente como pode facelo calquera outro home, e o traballo e ocupación da súa vida, así como a súa diversión favorita, foron as matemáticas. Padeceu de insomnios durante toda a súa existencia, e pasaba noites enteras desperto, cos arduos problemas matemáticos dándolle voltas na súa cabeza, e tratando de descifralos. Escribiu diversos libros sobre a materia e o máis interesante de eles titúlase: *Euclides y sus modernos rivales*.

Seus contos viron a luz có pseudónimo Lewis Carroll. Quizais a razón desto fora a súa extraordinaria timidez ante os adultos. Tiña poucos amigos na plenitud de desenrolo e crecemento, e como era tímido, se retrouxo das pequenas; os comprendía perfectamente e era o seu natural e delicioso compañeiro. Facilmente tomaba parte nos seus xogos; inventaba sempre algúns novos e contáballes contos e historias.

A Alicia real e verdadeira era a filla do seu amigo diácono Liddell, a cal, moito máis tarde, relatou como esos contos caprichosos que aún deleitan ós lectores de todas as idades e de todos os países foron referidos a ela e as suas dous irmás: *Moitos dos contos do Sr. Dodgson nos foron contados nas nosas excursións polo río, preto de Oxford. Paréceme que o principio de Alicia fonos relatados nunha tarde de verán na que o sol era tan ardente, que desembarcáramos nunhas pradeiras situadas corrente abaixo do río e abandonáramo-lo bote para refuxiarnos á sombra dun almiar recentemente formado. Alí, as tres repetimos nosa vella solicitude: contenos unha historia, e así comenzo seu relato, sempre delicioso. Algunhas veces para mortificarnos o porque realmente estaba canso, o señor Dodgson detíñase repentinamente dicíndonos: esto é todo, ata a próxima vez; ¿ah, pero ésta é a próxima vez!, exclamábamos as tres o mesmo tempo, e despois de varias tentativas para persuadirlo, a narración reanudábase novamente*

Alice publicouse en 1864, e *A través del espejo*, en 1871. Ambas foron ilustradas polo famoso dibujante inglés John Tenniel. Estes libros foron posteriormente ilustrados por outros moitos artistas, pero os magníficos debuxos de Tenniel continúan sendo os favortitos. Outras publicacións de Lewis Carroll son: *The Hunting of the Snark* (1876) e o conto pouco lido *Sylvie and Bruno* 1889 y 1893.

Sumario da Bibliografía

1865	<i>Alice's Adventures in Wonderland</i> . Macmillan, Londres.
1869	<i>Phantasmagoria and other poems</i> . Macmillan, Londres.
1872	<i>Through the Looking-Glass, and what Alice found there</i> . Macmillan, Londres.
1874	<i>Notes by an Oxford Chiel</i> (panfletos anónimos), Oxford.
1876	<i>The Hunting of the Snark</i> . (La caza del Snark) Macmillan, Londres.
1879	<i>Euclid and his modern rivals</i> , Londres (publicado có nome de C. L. Dodgson).
1885	<i>A tangled Tale</i> . Macmillan, Londres.

1886	<i>Alice's Adventures Underground</i> . Macmillan, Londres.
1887	<i>The Game of Logic</i> , Macmillan, Londres.
1889	<i>The Nursery " Alice "</i> . Macmillan, Londres.
1889	<i>Sylvie and Bruno</i> . Macmillan, Londres.
1896	<i>Symbolic Logic, Part I. Elementary</i> , Macmillan, Londres.
1898	Collingwood, Stuart, Dodgson: <i>The Life and Letters of Lewis Carroll</i> . Unwin, Londres.
1933	Selection from his letters to his child–friends. Macmillan, Londres.

Cronoloxía

1832	Charles Lutwidge Dodgson nace o 27 de enero en Dadesbury (Manchester), tercer fillo de Charles Dodgson, párroco desa localidade, rector de Croft en Yorkshire en 1843.
1844	Inicia a súa ensinanza secundaria no colexio de Richmond. Ata entón foi educado no seo da súa familia.
1845	Reúne nun manuscrito, titulado <i>Useful and Instructive Poetry</i> (publicado en 1954) unha serie de traballos infantís que preludian de maneira extraordinaria a súa produción literaria posterior, ata o punto de conter o núcleo de diversas parodias e xogos de palabras de Alicia.
---	Escribe unha obra análoga, <i>The Unknown One</i> , ó igual que a anterior para divertir a súa familia, e que coñecemos por estar mencionada por Collingwood, pero que non foi encontrada ata agora.
1846	Ingresa no <i>public school de Rugby</i> , unha das máis célebres institucións inglesas desa especie. Durante este período, moi penoso para Dodgson, continua o estilo iniciado na súa familia e comenza seu interés polo teatro organizando espectáculos de marionetas.
1850	Esos traballos son reunidos en <i>The Rectory Magazine</i> (que alude á rectoría do seu pai), que nunca foi publicada na súa integridade pero sí recollida parcialmente noutras publicacións posteriores. Do mesmo estilo, <i>Guida di Bragia</i> , publicado en 1931. Id. <i>The Rectory Umbrella</i> . Comenza tamén <i>Mishmash</i> .
1851	Matricúlase no colexio de Christ Church da universidade de Oxford, onde residirá ata a súa morte. Sua naimorre uns días máis tarde, causándolle unha honda impresión, á que moitos atribúen o comenzo definitivo da súa tendencia a retornar ó mundo feliz da súa infancia.
1852	Aproba con éxito seus exámenes e se lle outorga un posto de «estudiante» que de feito o convirte nun membro vitalico do Colexio. Destaca particularmente en estudos matemáticos. Continúa escribindo <i>Mishmash</i> e comenza a publicar artigos como <i>The Lady of the Ladle</i> y <i>Wilhelm von Schmitz</i> nalgúns revistas.
1854	Obtén a licenciatura e comeza a prepararse para a ordenación de diácono.
1855	Entra en contacto con Edmundo Yates, director do <i>Comic Times</i> , onde publica parodias poéticas e algúns contos curtos. Yates dalle o pseudónimo de Lewis Carroll.
1856	Yates lanza a revista <i>The Train</i> , para a que Carroll, usando o seu flamante pseudónimo, escribe diversos poemas cómicos e de disparate. Conoce a Alicia Liddell, de tres anos de idade, e inicia relacións de gran intimidade coa súa familia, veciña súa en Christ Church. Tamén ve no teatro á actriz infantil Ellen Terry, de oito anos, con quen mantendrá máis tarde unha larga relación.
1857	Dodgson traballa con interese nunha serie de temas. Publica cartas en xornais ingleses. Inicia seus escritos matemáticos simultaneamente coas suas clases (e tamén co seu fracaso como maestro) e apasionase polo arte incipiente da fotografía, do que é un notable precursor: Alicia posa frecuentemente para a súa cámara.
1858	Publica anónimamente <i>The Fifth Book of Euclid treated algebraically by a College Tutor</i> .
1860	<i>A Photographer's Day Out</i> , firmado por Lewis Carroll. <i>Rules for a Court Circular</i> y <i>Faces in the Fire</i> , poema onde por primeira vez aparece unha nota melancólica e quizais unha última mención ó establecemento dunha relación amorosa.

1861	Ordenado diácono, pero renuncia a continuar a sua carreira eclesiástica por falta dunha vocación máis clara e por temer un fracaso análogo ó sufrido no profesorado.
1862	O 4 de xulio realiza a famosa excursión en barca polo Támesis con Alicia Liddell e as súas irmás, onde improvisou o núcleo esencial de <i>Las aventuras de Alicia bajo tierra</i> . Publica <i>Mishmash</i> y <i>College Rhymes</i> , onde se recollen diversos poemas de Carroll.
---	Simultaneamente publica <i>A Syllabus of Plane Algebraical Geometry</i> , firmado por Dodgson, e <i>Notes on the First Two Books of Euclid</i> . Tamén <i>Notes on the First Part of Algebra</i> .
1863	Seus amigos anímanno a publicar <i>Alicia</i> . MacMillan acepta a edición e Tenniell as ilustracións. Publica unha obra matemática, <i>The Enunciations of Euclid</i> , anónimamente, pero tamén a primeira de distraccións de lóxica matemática, <i>Croquet Castles for Five Players</i> .
1864	Varios artigos sobre o <i>Examination Statute</i> , primeiro dos seus traballos dedicados a temas propios da universidade e do seu sistema escolástico. Do mesmo estilo <i>A Guide to the Mathematical Student</i> .
1865	Ano moi importante, pois ademáis de <i>The New Method of Evaluation as Applied to pi</i> , e dalgúns artigos cómicos como <i>The Dynamic of a Parti-cle</i> , publícase <i>Alicia en el país de las maravillas</i> .
1866	<i>The Elections to the Hebdomadal Council</i> . Comenza a escribir cartas á <i>Pall Mall Gazette</i> (a última aparece en 1877) sobre temas oxonianos, en xeral. Por causa dos mesmos e quizais tamén por recelos instintivos da nai de Alicia, pelease coa familia Liddell.
1867	Comenza a redacción de <i>A través del espejo</i> . Viaxa a Rusia, con interesantes anotacións no seu diario de viaxe. Comenza a publicar no <i>Aunt Judy's Magazine</i> diversas obras cortas firmadas por Carroll.
1868	Morre o seu pai, archidiácono de Ripon, causándolle unha profunda impresión. Publica un artigo satírico sobre a Universidade, <i>The Offer of the Clarenton Trustees</i> . Tamén continúa publicacións de lóxica matemática: <i>The Telegraph Cipher</i> , <i>The Alphabet Cipher</i> .
1871	Termina o manuscrito de <i>A través del espejo y lo que Alicia encontró ahí</i> , que publicará MacMillan e ilustrará, aínda que de mala gana, Tenniell.
1872	<i>The New Belfry of Christ Church</i> y <i>The Vision of the Three T's</i> , son escritos anónimos atacando os proxectos arquitectónicos de Liddell
1873	Comenza a escribir <i>Silvia</i> y <i>Bruno</i> .
1874	Reeditanse o recollen diversas obras matemáticas anteriores. Igualmente seus panfletos oxonianos baixo o título de <i>Nores by an Oxford Chiel</i> .
1875	<i>Euclid Books I, II</i> , firmado por Dodgson. Termina a composición do fantástico poema <i>A la caza del snark</i> .
1876	Publica <i>A la caza del snark</i> e comenza a concentrarse en temas de lóxica con <i>Professorship of Comparative Philology</i> y <i>A Method of taking votes on more than two issues</i> .
1877	Diversos traballos relacionados con Alicia: <i>An Easter Greeting to every child who loves Alice</i> , <i>Fame's Penny Trumpel</i> .
1878	Primeira aparición de xogos lóxico-matemáticos con palabras en <i>Word-Links; Doublets</i> ó seguinte ano.
1879	<i>Euclid and his modern rivals</i> , firmado por Dodgson.
1880	Abandona a fotografía, airado por certos comentarios mal intencionados respecto a seu gusto polos desnudos infantís. A fotografía, en xeral, era seu pasatempo favorito. En cambio, comenza a dibuxar desnudos de nenos en compañía da artista Gertrude Thomson. Escribe desde 1879 unha serie de cartas ó <i>Educational Times</i> e de artigos sobre regras de xogos para <i>The Monthly Packet</i> .
1881	<i>Lanrick</i> , unha das súas últimas producións alicianas. Tamén un artigo sobre sistemas electorais: <i>Purity of Election</i> e cartas á <i>St. James Gazette</i> . Decide renunciar ó profesorado e é elegido polos seus compañeiros «conservador» do fogar do Colexio. Reedita as súas obras sobre Euclides.
1883	Publica poemas anteriores en <i>Rhyme and Reason?</i> e <i>A Tangled Tale</i> , <i>Christmas Greetings</i> .

1881	<i>Twelve months in Curatorship</i> , comentarios xocosos sobre a súa «conservaduría», e <i>Principles of Parliamentary Representation</i> . Comenza a adaptación de Alicia ó teatro e como libro de nenos. Inicia un tratado de lóxica.
1886	<i>Three Years in a Culatorship</i> , máis comentarios xocosos sobre a vida do Colexio; e varios artigos sobre <i>The Election of Proctors</i> .
1887	Edición comercial do <i>Juego de la lógica</i> , inspirado polas suas clases de lóxica a un dos colexios para nenas da universidade de Oxford.
1888	Publica <i>Curiosa Mathematica, Part I</i> e artigos moralizantes sobre o teatro, como <i>The Stage and the Spirit of Reverence</i> , e <i>Stage Children</i> .
1889	Publicación de <i>Silvia y Bruno</i> .
1890	Máis regras de xogo no <i>Circular Billiards</i> , y <i>Stranger Circular</i> , onde nega a identidade con Lewis Carroll.
1891	Volve a ver a Alicia, agora <u>Mrs. Hargreaves</u> .
1892	Termina a publicación de <i>Papers on Logic</i> , nove problemas de lóxica aparecidos separadamente desde 1886. Tamén <i>Challenge to Logicians</i> .
1893	Publica <i>Syzygies and Lanrick</i> e <i>Curiosa Mathematica, II</i> . Igualmente <i>Sylvia and Bruno Concluded</i> , onde recolle unha serie de xogos lingüísticos, así como en <i>Pillow Problems</i> .
1894	Exclusivamente dedicado á lóxica, publica <i>Problems of Symbolic Logic</i> , <i>A disputed point of Logic</i> , <i>A Theorem in Logic</i> , <i>a Logical Paradox</i> , <i>a Logical Puzzle</i> , e <i>Lo que la tortuga le dijo a Aquiles</i> , todos eles anónimamente.
1895	Escribe no seu diario «consagro todo o meu tempo á lóxica» e termina a redacción de <i>Lógica simbólica</i> .
1896	<i>Lógica simbólica, parte I, elemental</i> . A segunda parte non aparecerá xamás.
1897	Obsesionado ata o último mes da súa vida por regras de cálculo acelerado.
1898	Morre o catorce de enero dunha bronquitis, uns días antes de cumprir os 66 anos.

• **Análise da obra a estudar:**

- **Paratexto:** a obra pertence á editorial TrisTram. As pastas son duras, de gran calidade. O libro está dividido en catorce capítulos divididos en 56 páxinas, todos eles con debuxos que fan unha lectura máis entretenida. Ten unha pequena introducción da obra, un poema sobre unha meniña moi cativa e un prologo dirixido ás nais. Xa nas últimas páxinas aparece unha felicitación de Pascua e outra de Nadal.
- **Contido:** Alicia queda durmida baixo unha árbore, ata que aparece o Coello Branco, invadindo os seus soños e a mergulla nunha fantástica aventura; onde coñece numerosos personaxes como a Raíña de Corazóns, que quere que lle corten a cabeza, o Bebe Porco, o cempés azul, o Sombreiro, etc; pero para coñecer os seus corpos sufre continuos cambios de tamaño, xa que ten que pasar por unha porta diminuta e posteriormente debe medrar para ter un tamaño coma o resto dos personaxes.
- **Análise do texto:** Alicia para nenos é unha narración fantástica, onde aparecen animais que falan, animais inexistentes como a Tartaruga Falsa, onde empregan un flamengo para xogar o Croquet, onde os gardas teñen pés e brazos, pero o seu tronco é un naipe e pintan as rosas para que a Raíña non se enfade, etc.

O narrador serían as nais que len o conto ós seus fillos, é un narrador participativo. O vocabulario é o axeitado para nenos entre cero e cinco anos, pero algunha palabra precisaría de unha explicación.

O personaxe principal sería Alicia e o resto serían personaxes secundarios. A obra xira entorno a Alicia, o resto dos personaxes van aparecendo, pero non se lles dá a importancia de principais.

- **Propostas de actividades para conseguir crear interese literario, cultural, situacional, etc. e hábitos de lectura.**

Poderíase facer grupos de alumnos, cada grupo debería interpretar un capítulo da obra cos recursos que tiñesen, ou cada neno durante unha hora deberá interpretar o personaxe que lle toque. Tamén se podería facer unha lectura na clase dándolle énfasis a aquilo que o merezca. Outra opción sería cada mes (ou outro intervalo de tempo) cada neno lee un libro, o que queira, e fará unha pequena ficha para que os nenos que teñan interese pola obra podan saber de que vai antes de comezar a le-la, xa que se un neno ten que ler un libro que non lle gusta acabará odiando a lectura. Xa por último poderíase facer nos dez primeiros minutos da clase un comentario en común dun capítulo do libro, explicando o que non se entende e salientando as cousas máis fantásticas ou de maior gusto para os nenos.

• **Valoración persoal:**

Alicia para nenos é unha obra ben estruturada, cun guiión moi bo para as nais a hora de le-lo ós nenos, comentarios moi útiles para que os nenos non se despisten e permañezcan atentos, pero sen embargo é unha obra que defradoume, esperábame moito máis dela.

Os debuxos parécenme horripiantes para os nenos ós que vai destinado o libro, algúns dan medo, eu penso que un neno de 3 anos que ve o debuxo da Duquesa comenza a chorar. Tamén teño que dicir en contra miña que probablemente o fagan para establecer quenes son os bos e cales son os malos.

Non todo é malo, xa que ten seres inimaxinables, ata entón, e moi divertidos para o neno como son o Bebe que se converte en porco, os gardas, o cempés azul, a Lebre de Marzo, etc; que axuda moito a desenrolar a imaxinación do neno. Provocará risas, asomo e tristeza nos meniños.

A puntuación para esta obra é dun 6, polo xa comentado de que esperábame máis dela.